



A forza de D.X. Cabana en **‘Mitos e memorias’**

Darío Xohán Cabana é, sen dúbida, un dos narradores máis poderosos da Literatura galega última, a que achegou títulos que, como Galván en Saor (1989), transformaron a escrita dos anos noventa e renovaron en grande medida o imaxinario galego do ciclo artúrico. Tras algúns anos de silencio, este narrador, traductor e poeta regresa con ‘Mitos e memorias’, unha colección de relatos na maioría épicos e memorialísticos nos que o autor procura a construción do espacio mítico e atemporal da ‘Terra de Nós’. Contos con personaxes e historia tracexados por Cabana con mestría, como a evocación emocionada daqueles tempos de formación e esperanza na Aldea, a cidade maior da ‘Terra

de Nós’. O Cumio encárgalle a un militante clandestino realizar unha perigosa operación de rescate nas Illas Brancas. O novo Galván, tras tres anos e medio na cidade de Duio, regresa ás terras natais de Saor. Martiño de Dume, pontífice da nobre metrópole galega, camiña cara ao Campo das Estrelas onde xace o Decapitado que el privou da súa rolda multitudinaria. Textos todos os de Darío Xohán Cabana miniados nunha lingua de estirpe e tecidos con fluidez e esmero ao longo de case vinte anos de produción narrativa, amosan a madurez creativa dun dos novos clásicos contemporáneos que non por iso perdeu o marabilloso milagre da impronta pai-xonal.

rdL | 5

Galicia Hoxe 31/07/03